

Activismo, ideoloxías lingüísticas e identidade cultural da diáspora galega en Londres na contemporaneidade

Alejandro Dayán-Fernández

Department of Languages and Intercultural Studies
School of Social Sciences
Heriot-Watt University

Este relatorio presentará un proxecto de doutoramento que vén encher un baleiro no estudo de comunidades minorizadas e cun legado histórico de emigración que se asentan en países hexemónicos por razóns económicas, en espazos urbanos de superdiversidade (Vertovec 2007 and 2009, Blommaert et al. 2016), e establecen certas dinámicas lingüísticas, culturais e de identidade.

Consistente nun estudo etnográfico multi-local (Marcus 1995) de sociolingüística crítica (Heller et al. 2018) e focalizado na nova diáspora galega de Londres como estudo de caso, o proxecto incorporará entrevistas en profundidade, observación participante, exame de artefactos simbólicos, grupos de discusión e a análise do discurso na rede (Androutsopoulos & Beißwenger 2008).

As principais liñas de pescuda son: primeiro, explorar como a “gubernamentalidade” (Foucault 1991) dos espazos institucionais diaspóricos ten forxado un entendemento tradicional da lingua, cultura e identidade galegas que desencaixa coas novas xeracións de migrantes e as motivacións destas para estableceren iniciativas de base que (re)constrúen o imaxinario social da diáspora galega; segundo, analizar as ideoloxías da autenticidade e anonimato (Woolard 2005) e a lingua como poder simbólico (Bourdieu 1991) para investigar a comunicación interxeracional entre migrantes, a súa mobilización de recursos e repertorios lingüísticos así como tamén determinar a valorización que o galego ten adquirido no contexto diaspórico; e finalmente, estudar as mudas lingüísticas (Pujolar e Puigdevall 2015) e o rol das emocións (Walsh 2017) no afloramento de neofalantes na diáspora, a relación destas mudas

cun rexurdir identitario e o rol que este neofalantismo (O'Rourke e Ramallo 2015) xoga no activismo lingüístico e cultural galego de Londres.

Palabras chave: ideoloxías lingüísticas, identidade cultural, neofalantes, diáspora galega, sociolingüística crítica, activismo diásporico

Bibliografía

Androutsopoulos, J., and Beißwenger, M. (2008) 'Introduction: Data and Methods in Computer-Mediated Discourse Analysis'. *Language@Internet*, 5(2), 1-7.

Blommaert, J., Arnaut, K., Rampton, B., and Spotti M. (ed.) (2016) *Language and Superdiversity*. New York: Routledge.

Foucault, M. (1991) 'Governmentality' In: Burchell, G., Gordon, C., and Miller, P. (eds.). *Studies in Governmentality*. Chicago: University of Chicago Press. pp. 87-104.

Heller, M. (2010) 'Language as Resource in the Globalized New Economy'. In: Coupland, N. (ed.). *The handbook of language and globalization*. West Sussex: Blackwell Publishing, 349-365.

Heller, M., Pietikäinen, and Pujolar, J. (2018) *Critical Sociolinguistic Research Methods: Studying Language Issues that Matter*. New York: Routledge.

Marcus, G. E. (1995) 'Ethnography in/of the world system: The emergence of multi-sited ethnography'. *Annual Review of anthropology*, 24(1), 95-117.

O'Rourke, B. and Ramallo, F. (2015) 'Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician'. *International Journal of the Sociology of Language*, (231), 147-165.

Pujolar, J. and Puigdevall, M. (2015) 'Linguistic "Mudes": How to Become a New Speaker in Catalonia'. *International Journal of the Sociology for Language*. 231, 167-187.

Vertovec, S. (2007) 'Super-diversity and its implications'. *Ethnic and Racial Studies* 29(6): 1024–1054.

Vertovec, S. (2009) *Transnationalism*. USA: Routledge.

Walsh, J., (2017) 'The role of emotions and positionality in the trajectories of 'new speakers' of Irish'. *International Journal of Bilingualism*, 1-15.

Woolard, K. (2005) 'Language and identity choice in Catalonia: The interplay of contrasting ideologies of linguistic authority'. UCSD Linguistic Anthropology Working Papers Series, 1-34.